



BOP

SÁBADO, 3 DE DICIEMBRE DE 2022

N.º 277

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

RECTIFICACIÓN DE ERROS

Vista a Resolución de Alcaldía núm: 2022-0680, de data 30/11/2022, publicada no BOP de Lugo núm. 275, do 01/12/2022, na cal se acorda a aprobación da relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas para o proceso de selección dunha praza de Administrativo/a - Adxunto de Intervención, en réxime de funcionario/a de carreira no Concello de Bóveda.

Por Resolución de Alcaldía núm. 2022-0689, do 01/12/2022, acordouse incluír na lista definitiva de aspirantes admitidos/as no citado proceso selectivo a PENERBOSA GARCÍA, LUCÍA co NIF **41768**, por subsanar a documentación pendente, debido a causas imputables a outra administración e alleas á aspirante, e rectificar os erros materiais existentes na Resolución número 2022-0680, de data do 30 de novembro de 2022, quedando o texto emendado da seguinte maneira:

Onde di:

“Segundo.- Proceder a nomear aos seguintes empregados/as públicos, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, con titulación de nivel igual ou superior á esixida para o acceso ao posto ou praza, como membros do Tribunal de selección: “

Debe decir:

“Segundo.- Proceder a nomear aos seguintes empregados/as públicos, funcionarios/as de carreira, con titulación de nivel igual ou superior á esixida para o acceso ao posto ou praza, como membros do Tribunal de selección: “

Bóveda, 1 de decembro do 2022. O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 3547

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 28/09/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a setembro 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a setembro do 2022 terá lugar neste municipio dende o día 7 de novembro de 2022 ata o día 9 de xaneiro de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 18 de novembro de 2022.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 3487

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 26/10/2022 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a outubro 2022.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes outubro 2022 terá lugar neste municipio dende o día 27 de outubro de 2022 ata o día 26 de decembro de 2022.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 27 de outubro de 2022.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 3488

COSPEITO

Anuncio

ANUNCIO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2022.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3.da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde mediante Resolución do 23/11/2022 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao SEGUNDO trimestre de 2022 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

“Realizadas as lecturas de contadores de consumo de abastecemento de auga correspondentes ao período do 2º trimestre de 2022 e vistas as altas novas no padrón da taxa de lixo.

Estando en vigor a Ordenanza fiscal reguladora da Taxa de sumidoiros aprobada con data 27/09/1989, que no artigo 8º.3. prevé que as cotas esixibles se liquidarán e recadarán polos mesmos períodos e nos mesmo prazos que os recibos de subministro e consumo de auga.

Vista a redacción da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo, aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada o 4 de novembro de 2015, e cuxo texto articulado definitivo, publicado no BOP núm. 300/2015 do 31/12, recolle no artigo 8 que o período impositivo coincide co trimestre natural devengándose o primeiro día do período impositivo.

Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo municipal de abastecemento de auga potable a domicilios do Concello de Cospeito que establece nos artigos 7º e 8º o devengo trimestral das cotas periódicas e a súa liquidación en documento cobratorio único xunto coas taxas da rede de saneamento e recollida domiciliaria de lixo.

Ditadas Resolucións de Alcaldía polas que se resolven solicitudes de cambio de titularidade de contratos de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida de lixo.

Tendo en conta o establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e no Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga cuxa Disposición derradeira segunda establece a súa entrada en vigor a partir do 1 de xullo de 2012.

Considerando que en virtude do establecido no artigo 48.3. do citado decreto 136/2012, do 31 de maio, en relación co artigo 2º.21 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, o Concello de Cospeito ten a condición de entidade subministradora obrigada a repercutir, conxuntamente cas liquidacións da taxa de abastecemento de auga e sumidoiros as correspondentes cotas do canon autonómico de auga con arrego as tipos e normas de liquidación que os citados texto legais establecen.

Confeccionado de acordo cas referidas disposicións regulamentarias o padrón de contribuíntes suxeitos a tributación correspondentes ao 2º período trimestral do 2022, contendo as variacións anteriores.

De conformidade co establecido no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria e nas Ordenanzas fiscais de cada tributo e demais disposicións concordantes, e considerando o acordado no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como a competencia que ostento como Alcalde –Presidente para ditar o presente acto, en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 41 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais,

RESOLVO:

PRIMEIRO. *Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 70.549,06€ (IVE incluído) correspondente ao 2º trimestre de 2022 polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:*

Período	Auga	Lixo	Sumidoiros	Canon de auga	IVE	TOTAL
2º T 2022	27.535,71	29.642,40	380,58	10.232,77	2757,60	70.549,06

SEGUNDO. *Reiterar a publicación do período de cobro en voluntaria reflectido no calendario fiscal do ano 2022*

TERCEIRO. *Dispor a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados no punto anterior, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inxerir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.*

CUARTO. *Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das corporacións locais.*

CANON DE AUGA

De conformidade co disposto no artigo 49.7.do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3.da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigo 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso –administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercer calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico –administrativa ante o órgano económico –administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega,

Santander e Abanca). Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 24 de novembro de 2022.- O alcalde, Armamdo Castosa Alvaríño.

R. 3489

A FONAGRADA

Anuncio

Procedemento: Aprobación dun Padrón Fiscal

Expediente número: 596/2022

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo correspondente ao 4º bimestre 2022

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data de data 22/11/2022, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo correspondente ao 4º bimestre do exercicio 2022, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 23/11/2022 ao 23/01/2023. Para o cobro dos ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente ,de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL.A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada 24 de novembro de 2022.- O Tenente de Alcalde da Corporación, o alcalde en funcións, José Ángel Fernández Carrín.

R. 3490

FOZ

Anuncio

Aprobación inicial Orzamento Xeral 2023

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 1 de decembro do 2022, ó Proxecto de Orzamento Xeral; Bases de Execución; a plantilla do persoal funcionario e laboral, e demais documentación que se acompaña, do Concello de Foz para o exercicio económico do 2023.

De acordo co establecido no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na Intervención Xeral do Concello para presentar as reclamacións que consideren oportunas, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Se ó termino do período de exposición ó público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, anuncio de aprobación definitiva resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o artigo 169.3 do citado Real Decreto Legislativo.

Foz, 2 de decembro de 2022.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3558

LUGO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 24 de novembro de 2022 (acordo número 5/157), o expediente de suplemento de crédito/crédito extraordinario número 4/2022, expone ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Os interesados lexítimados, segundo o artigo 170 do mencionado Texto refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partir da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado.

Lugo, 25 de novembro de 2022.- A alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 3491

Anuncio

DECRETO Nº 11531/2022 do 28/11/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a tres prazas de Técnico/a de Xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (dúas incluídas na OEP 2017 e unha incluída na OEP 2020) e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

- Acordo 1/805 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 28 de decembro de 2017, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 e no su anexo, figura entre outras, a seguintes prazas:

3 TECNICO/A MEDIO XESTION Subgrupo A2 escala administración xeral quenda de promoción interna

- Acordo 9/286 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 8 de xullo de 2020, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2020 e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza:

1 TECNICO/A MEDIO XESTION Subgrupo A2 escala administración xeral quenda de promoción interna

- Acordo 10/299 da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de maio de 2021 de APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (TRES INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020)

- Decreto nº 11377/2021 do 22/12/2021 polo que se convoca o proceso selectivo para o acceso en propiedade catro prazas de TECNICO/A MEDIO XESTION do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (TRES INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020).

- Acordo 11/252 da Xunta de Goberno Local do 4-5-2022 de APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (BOP Lugo núm. 110 de 14 de maio de 2022) no que entre outros puntos acórdase:

Deixar sen efecto parcialmente, a oferta de emprego público do Concello de Lugo correspondente á anualidade de 2017 (unha praza de acceso por promoción interna Técnico/a Medio Xestión) e desistir do proceso selectivo convocado de dunha praza de acceso por promoción interna Técnico/a Medio Xestión (OEP 2017)

- Acordo da Xunta de Goberno Local 6/299 en sesión ordinaria do 1-6-2022 de MODIFICACIÓN DO ACORDO 10/299 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 19 DE MAIO DE 2021 DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE

TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (TRES INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020.)

- Decreto Nº: 7528/2022 do 21 de xullo de 2022 que modifica o Decreto nº 11377/2021 do 22 de decembro de 2021 no seu apartado primeiro e convocando o proceso selectivo para o acceso en propiedade tres prazas de TECNICO/A MEDIO XESTION do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (DÚAS INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 19 de maio de 2021 e modificadas na sesión ordinaria do 1 de xuño de 2022.

- No «Boletín Oficial de la Provincia de Lugo» número 299, do 31 de decembro de 2021, con rectificación no número 174, do 1 de agosto de 2022, publicáronse íntegramente as bases que rixen dita convocatoria, extracto do mesmo no «Diario Oficial de la Galicia» número 50, do 14 de marzo de 2022, con rectificación no número 181, de 22 de setembro de 2022 e publicación no BOE número 237 do 3 de outubro de 2022.

- Con data do 03 de novembro do 2022 rematou o prazo de presentación de solicitudes.

- Acordo 8/621 da Xunta de Goberno Local, de data 26 de outubro de 2022, de designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a tres prazas de Técnico/a medio de Xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

- Decreto Nº: 10689/2022 do 7/11/2022 polo que se resolveu aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº:7528/2022 do 21 de xullo de 2022 que modifica o Decreto Nº 11377/2021 do 22 de decembro de 2021 para o acceso a tres prazas de TECNICO/A MEDIO XESTION do cadro de persoal funcionario do Excmo. concello de Lugo, quenda promoción interna (DÚAS INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020). Dito Decreto foi publicado no «Boletín Oficial de la Provincia de Lugo» número 258, do 11 de novembro de 2022.

- Con data do 25 de novembro de 2022 rematou o prazo de presentación de enmendas.

- Proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 28 de novembro de 2022.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- No Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 256 do 7 de Noviembre de 2014 foron publicadas as BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, (no BOP de Lugo do 15 de febreiro de 2019 foi publicada unha modificación de ditas bases xerais) figurando na súa base UNDÉCIMA.- LISTA DE ADMITIDOS. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS, o seguinte:

“Rematado o prazo de presentación de instancias, e logo de informe previo do Servizo de Persoal acerca da antigüidade do aspirante ó servizo do Concello, da súa condición de funcionario ou persoal laboral, da súa pertenza ós corpos, escalas ou grupos de titulación esixidos para optar á quenda de promoción interna e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal, se é o caso, verbo da xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso, así como para a valoración da antigüidade na fase de concurso; a Alcaldía ou Concelleiro Delegado, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, poderá publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de admitidos e excluídos.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP de Lugo.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello e nos locais onde se celebrou a proba anterior.”

Segundo.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 9 de outubro de 2019 adoptou a acordo 10/628 APROBACIÓN DE INSTRUCCIÓN PARA O FUNCIONAMENTO E ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE SELECCIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, figurando no seu ARTIGO 4. NOMEAMENTO E REQUISITOS DE COMPOSICIÓN, punto 3. “A composición nominal do Órgano de Selección publicarase xunto coa lista provisional de admitidos e excluídos.”

Terceiro.- No prazo de presentación de enmendas foi recibida solicitude de subsanación presentada por dona Eva María Seoane Cazón aportando a documentación requerida.

Tendo en conta a proposta do Xefe de Servizo de Persoal de data 28 de novembro de 2022 e en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, a Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as (con indicación do motivo de exclusión) no proceso selectivo convocado polo Decreto Nº: 7528/2022 do 21 de xullo de 2022 que modifica o Decreto nº 11377/2021 do 22 de decembro de 2021 para o acceso a tres prazas de TECNICO/A MEDIO XESTION do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (DÚAS INCLUÍDAS NA OEP 2017 E UNHA INCLUÍDA NA OEP 2020), que a continuación se indica:

ADMITIDOS/AS :

Apelidos e nome	DNI
MARTÍNEZ DABLANCA, ANA ISABEL	***1382**
MEILÁN FERNÁNDEZ, M ^a DE LAS NIEVES	***0417**
POMBO GALLEGO, NURIA	***3123**
SANTIAGO VAZQUEZ, JULIA	***3089**
SEOANE CAZÓN, EVA M ^a	***2973**

EXCLUIDOS/AS:

Ningún.

Segundo.- Fixar a data, hora e lugar de constitución do tribunal e valoración de méritos do seguinte xeito:

Data: 12 de decembro de 2022.

Hora: 14:30 horas.

Lugar: A sesión celebrarase de xeito telemático.

Terceiro.- Fixar a data, hora e lugar de realización do primeiro exercicio (test) do seguinte xeito:

Data: 19 de decembro de 2022

Hora: 16:00 horas.

Lugar: Edificio municipal de novas tecnoloxías sito na praza Anxo Fernández Gómez s/n.

O Tribunal reunirse ás 9:00 horas na Secretaría do Concello de Lugo.

As/os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo pódense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta notificación.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 28 de novembro de 2022.

R. 3492

Anuncio

DECRETO Nº: 11648/2022 DO 30/11/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de novembro de 2022 adoptou o acordo 7/688 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO SINGULARIZADOS E NON SINGULARIZADOS NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

De acordo co disposto nos artigos 90 e 91 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego público de Galicia, así como, no artigo 39 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar o concurso para a provisión de postos de traballo singularizados e non singularizados no excmo. Concello de Lugo que se rexerá polas bases aprobadas polo acordo 7/688 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 23 de novembro de 2022:

1.- OBXECTO DO PRESENTE CONCURSO

É obxecto deste concurso a provisión dos postos de traballo, mencionados no anexo I e II destas bases, entre os funcionarios de carreira do Concello de Lugo, con praza en propiedade e funcionarios de carreira de outras administracións públicas nos postos abertos a todas as administracións públicas, excepto aqueles que ocupen un posto con carácter definitivo obtido por concurso se non transcorreran seis meses dende a súa provisión en caso de postos singularizados ou dous anos en caso de postos non singularizados.

O empregado público que estea en adscrición provisional está obrigado a participar nos concursos de provisión que se convoquen para postos adecuados ao seu corpo ou escala e a solicitar todos os postos pola orde de prioridade que estableza na solicitude de participación. O incumprimento desta obriga determinará a declaración da situación de excedencia voluntaria por interese particular.

2.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As instancias solicitando tomar parte nesta convocatoria dirixiranse á Excm. Sra Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, acompañadas da acreditación documental dos méritos para xuntar e presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada deste, ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, durante un prazo de 15 días hábiles, contados a partir da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Cada un/ha dos/as funcionarios/as participantes poderá solicitar todos os postos convocados para os que reúna as condicións e requisitos sinalados, expresando a orde de preferencia de cada posto de traballo e indicando a tal fin a denominación co que figuren estes.

Os requisitos determinados na convocatoria deberán reunirse na data que termine o prazo de presentación de solicitudes de participación.

Só se poderá desistir da petición de tomar parte no concurso antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO

I. Postos Singularizados do Anexo I

A) Ser funcionarios/as de carreira do Excmo. Concello de Lugo, con praza en propiedade ou funcionarios de carreira de todas as administracións públicas nos postos abertos a todas as administracións públicas, pertencente á Escala, Subescala e Grupo establecida no Anexo I, cunha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira .

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme. En excedencia voluntaria por interese particular só poderán participar se ao termo do prazo de presentación de solicitudes transcorreu polo menos un ano desde ou inicio en dita situación. Ademais, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de seis meses para poder participar neste concurso.

C) Posuír as titulacións previstas no Anexo I

II. Postos non Singularizados do Anexo II

A) Ser funcionarios/as de carreira do Excmo. Concello de Lugo, con praza en propiedade, pertencente á Escala, Subescala e Grupo establecida no Anexo II, cunha antigüidade mínima de dous anos como persoal funcionario de carreira .

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme. En excedencia voluntaria por interese particular só poderán participar se ao termo do prazo de presentación de solicitudes transcorreron polo menos un ano desde ou inicio en dita situación. Ademais, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de dous anos para poder participar neste concurso.

C) Posuír as titulacións previstas no Anexo II

4.- BAREMO DE MÉRITOS

Soamente procederá a valoración dos méritos alegados polas persoas participantes cando estas reúnan os requisitos esixidos nestas bases.

Valoraranse os méritos obtidos ou en condición de obterse na data na que finalice o prazo de presentación de instancias para participar no correspondente concurso.

A xustificación dos méritos deberá realizarse mediante certificación oficial expedida para o efecto.

Para fixar a orde de preferencia na adxudicación do posto no concurso, valoraranse os seguintes méritos:

1.- Antigüidade: valorarase cun máximo de **4 puntos**, tendo en conta os servizos efectivos prestados e recoñecidos en calquera Administración Pública, de conformidade coa seguinte escala:

- servizos no mesmo subgrupo/grupo que o do posto solicitado: 0,015 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais
- servizos nun subgrupo/grupo distinto ao do posto solicitado: 0,007 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais.

2.- Experiencia: experiencia no desenvolvemento de postos pertencentes á área funcional á que corresponda o convocado, entendendo por área funcional a política de gasto definida conforme á Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. Tomarase en consideración o posto de traballo ocupado na data de finalización do prazo de presentación de instancias. Puntuación de **3 puntos**.

3.- Grao persoal consolidado: valorarase cun máximo de **2 puntos** o grao persoal que se teña consolidado de conformidade co seguinte:

- por posuír un grao persoal superior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 2 puntos
- por posuír un grao superior en un nivel ao do posto solicitado: 1,75 puntos
- por posuír un grao de igual nivel ao do posto solicitado: 1,5 puntos
- por posuír un grao persoal inferior nun nivel ao do posto solicitado: 1,25 puntos
- por posuír un grao persoal inferior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 1 punto.

4.- Traballo desempeñado: valorarase cun máximo de **2,25 puntos** segundo o nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo desde o que se participa no concurso de conformidade co seguinte:

- nivel igual ou superior ao posto ao que se concursa: 2,25 puntos
- un nivel inferior: 2,14 puntos
- dous niveis inferiores: 2,03 puntos
- tres niveis inferiores: 1,92 puntos
- catro niveis inferiores: 1,81 puntos
- cinco niveis: 1,70 puntos
- niveis inferiores ao anterior: 1,50 puntos.

Aos funcionarios en comisión de servizos valoraráselles o nivel de complemento de destino do seu posto de orixe. Unicamente se valorará o nivel dos postos que estean provistos na forma legalmente establecida.

5.- Permanencia no posto de traballo: valorarase cun máximo de **0,75 puntos** a permanencia ininterrompida no mesmo posto dende o que se concursa segundo o seguinte:

- nos 5 anos anteriores: 0,75 puntos
- nos 4 anos anteriores: 0,50 puntos
- nos 3 anos anteriores: 0,25 puntos.

6.- Méritos académicos: valoraranse os cursos impartidos e/ou recibidos nos últimos 15 anos e ata a data de publicación da convocatoria cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto solicitado e convocados polo Concello, a Deputación, o INAP, a EGAP, organizacións sindicais ou outros axentes dentro do marco de acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

Valoraranse de 0,10 a 0,5 puntos por curso ata un máximo total de **3 puntos** de acordo co seguinte:

- cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos
- cursos de 21 a 40 horas: 0,20 puntos
- cursos de 41 a 100 horas: 0,35 puntos
- cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos.

Non se valorarán os que non acrediten as datas de realización e horas de duración, os derivados de procesos selectivos, e os relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

Nos cursos referentes a unha mesma materia, valorarase unicamente o de nivel superior.

7.- Coñecemento da lingua galega: valorarase o coñecemento da lingua galega cun máximo de **1 punto**, a razón de:

- Celga 2 ou equivalente: 0,20 puntos

- Celga 3 ou equivalente: 0,30 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,40 puntos
- Curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5, Curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente: 1,00 punto.

Só se valorarán os cursos que non se esixan para a provisión do posto.

8.- Outras titulacións: valorarase cun máximo de **2 puntos** calquera outra titulación académica oficial distinta da esixida para acceder á praza dende a que se concursa relacionadas co posto ao que se concursa.

- bacharelato ou ciclo medio: 0,50 puntos
- ciclo superior: 1,00 punto
- título de diplomatura ou equivalentes: 1,5 puntos
- título de máster, licenciatura ou grao universitario: 2 puntos.

9.- Conciliación da vida persoal e familiar: valorarase ata un máximo de **1 punto** polos seguintes conceptos:

- coidado de fillos menores de 12 anos naturais ou por adopción ou acollemento permanente: 0,70 puntos
- coidado dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade cando por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída: 0,5 puntos.

Os méritos referidos á conciliación acreditaranse como segue:

- coidado de fillo: copia do libro de familia ou resolución xudicial
- coidado dun familiar: copia do libro de familia e documento acreditativo da situación de dependencia e tamén certificado de non estar de alta na Seguridade Social.

10.- Memoria. Confección dunha memoria sobre a análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento, a xuízo do candidato, de acordo coa descrición contida na convocatoria. A puntuación máxima será de **6 puntos**.

Este mérito valorarase unicamente nos postos singularizados.

Para o caso de empate na valoración, aplicaranse por esta orde os seguintes criterios de desempate:

Primeiro.- A maior antigüidade ao servizo da Administración

Segundo.- A maior antigüidade no posto dende o que se concursa

Terceiro.- A data de ingreso como funcionario de carreira e na subescala na que se concursa

Cuarto.- Sorteio público.

5.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Cualificarán os méritos dos concursantes, con referencia á data de peche do prazo de presentación de instancias, unha Comisión de Valoración composta por:

Presidente/a:

- D^a. Mónica Iglesias Prego, interventora xeral do Concello de Guitiriz

Suplente: D^a. Luisa Fernandez Pérez, secretaria interventora Concello de Samos.

Vogais:

-D^a. Aranzazu Sastre Carracedo, Tesoureira municipal do Concello de Lugo

Suplente: D. Pablo Portela Fernández Secretario Concello de Guitiriz

-D^a. María Begoña López García, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Apoio Técnico da Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior no Concello de A Coruña.

Suplente D^a Lara Otero Díaz, Técnico de Administración Xeral Concello de Fene

-D. Rafael Castillo Reboiro, Secretario Interventor do Concello da Pobra do Brollón

Suplente: D. Alberto Pensado Seijas, Técnico de Administración Xeral, Xefe del Servicio de Urbanismo del Concello de Marín.

Secretario/a:

-D. Rafael del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Excmo Concello de Lugo.

Suplente: D. Justo Díaz Rodríguez, Letrado Asesor-Vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

O resultado da avaliación dos méritos e a adxudicación provisional exporase ó público no taboleiro de anuncios do edificio do Centro de Servizos Municipais, sito na ronda da Muralla, 197, nunha relación que conterá a totalidade do persoal concursante, ordenada de maior a menor puntuación total, con expresión do posto de traballo adxudicado, se é o caso. Concederáse un prazo de dez días hábiles para que formulen as reclamacións que estimen pertinentes en relación coa baremación.

7.- TOMA DE POSESIÓN

Transcorrido o prazo sinalado anteriormente, a Comisión resolverá as reclamacións que se presentasen e formulará a proposta de adxudicación dos postos convocados, remitíndoa á autoridade convocante para a súa publicación no Taboleiro de Anuncios do Edificio Administrativo do Seminario, mediante resolución motivada.

Na resolución de adxudicación do concurso indicárase a data na que deberá efectuarse o cesamento no actual posto de traballo e a toma de posesión do destino adxudicado, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificadas.

8.- RECURSOS

Estas bases son definitivas en vía administrativa e contra estas pode interpoñerse, de conformidade co establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativo, un dos seguintes recursos.

a) Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Transcorrido un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que se teña resolto, poderá entenderse desestimado, e poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso administrativo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación.

Todo isto sen prexuízo de que poda exercitarse calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

9.- PUBLICACIÓN

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial do Estado.

ANEXO I

(postos singularizados)

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ESC	SUBESC	FP	GR	C.D	Obsevacións/Titulacións
63/208	XEFE/A SERVIZO OFICINA DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA	A.X/A.E	TEC	C	A1	29	-AX, TEC, GRUPO A1: Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente -AE TEC GRUPO A1: Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Económicas e Dereiro ou título universitario de grao e máster equivalente. Aberto a todas as Adm Pubs
		A.X/A.E	TEC	C	A1/A2	26	-AX, TEC, GRUPO A1: Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente -AE TEC GRUPO A1: Licenciado en Derecho -AX XEST, GRUPO A2: Titulación: Enxeñeiro/a

41/208	XEFE/A SERVIZO BENESTAR SOCIAL						Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente -AE, GRUPO A2: Título de Diplomatura de Tralaballo Social ou Educación social ou Título universitario de grao ou equivalente Aberto a todas as Adm Pubs
65/221	ADXUNTO/A SERVIZO FACENDA LOCAL	A.X/A.E	XET/TEC TEC MED	C	A1/A2	26	-AX, TEC, GRUPO A1: Titulación: Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a Arquitecto/a ou título universitario de grao e máster ou equivalente -AE TEC GRUPO A1: Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, Económicas e Dereiro ou título universitario de grao e máster equivalente. -AX XEST, GRUPO A2: Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente -AE TEC MED, GRUPO A2: Diplomatura en Ciencias Empresariais ou título universitario de grao ou equivalente.
61/18/1	XEFE/A SECCION FISCALIZACION PREVIA	A.X/A.E	XEST	C	A2	25	AX: Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) AE: Diplomatura en Ciencias Empresariais ou título universitario de grao ou equivalente
61/18/2	XEFE/A SECCION CONTROL FINANCIERO	A.X/A.E	XEST	C	A2	25	AX: Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) AE: Diplomatura en Ciencias Empresariais ou título universitario de grao ou equivalente
41/18	XEFE/A SECCION BENESTAR SOCIAL	AE	TEC	C	A2	25	Título de Diplomatura de Tralaballo Social ou Título universitario de grao ou equivalente

06/18	XEFE DE SECCIÓN ORGANIZACIÓN RRHH	AX	XEST	C	A2	25	Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente
05/18	XEFE/A SECCION FOMENTO	A.X/A.E	XEST	C	A1/A2	25	AX Subgrupo A1: Título de Doutor/a, Licenciado/a, Enxeñeiro/a, Arquitecto/a ou Título universitario de grao e máster ou equivalente. AE Subgrupo A1: Licenciado en Administración e Dirección de empresas, en ciencias económicas e empresariais, dereito ou título de grao e master ou equivalente AX Subgrupo A2: Título de Enxeñeiro/a técnico, Diplomado/a universitario/a, Arquitecto/a técnico ou AE Subgrupo A2: Título universitario de grao ou equivalente. Diplomado en ciencias empresariais ou título universitario de grao ou equivalente.
62/18	XEFE/A DE SECCIÓN DO ÓRGANO DE XESTIÓN ECONÓMICO FINANCIERO	A.X/A.E	XEST	C	A2	25	AG: Titulación: Enxeñeiro/a Técnico, Diplomado/a, Arquitecto/a Técnico ou título universitario de grao ou equivalente) AE: Diplomatura en Ciencias Empresariais ou título universitario de grao ou equivalente

ANEXO II

posto non singularizado

4102/29	ENCARGADO/A FOGAR TRANSEUNTE	A.E	SVS.ESP.	C	C2	18	Carné manipulador de alimentos
---------	------------------------------	-----	----------	---	----	----	--------------------------------

Lugo, 30 de novembro de 2022.

R. 3530

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE OUTUBRO 2022**

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 17 de novembro de 2022 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de outubro de 2022 de acordo co seguinte

- Padrón correspondente ao mes de outubro: 3.676,97€

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de decembro de 2022 e o 01 de febreiro de 2023. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafito do Cebreiro 24 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3493

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 17 de novembro de 2022, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao Terceiro trimestre do ano 2022 da:**

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 31.03.2023**. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 22 de novembro de 2022.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3494

POL

Anuncio

BASES QUE REXIRÁN A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA PERSONAL DE APOIO NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE POL.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

O obxecto das presentes bases é establecer unha **bolsa de emprego para o posto de persoal de APOIO no punto de atención á infancia**, para os casos de:

*Situacións de incapacidade temporal ou definitiva do titular do posto, en tanto non se cubra polo procedemento de provisión de postos de traballo legalmente previsto.

*Vacacións, licenza e permisos.

*Xubilación parcial ou anticipada polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión de postos de traballo previstos legalmente.

*Acumulación de tarefas no servizo.

*Calquera outra que esixa a contratación inmediata para atención do servizo.

O contrato o que se subscribirá será algún dos regulados no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, en función da necesidade do servizo que motive o chamamento.

O sistema de selección é o concurso- oposición .

En ningún caso a mera pertenza á Bolsa implicará dereito algún a obter nomeamento ou contrato laboral, garantíndose unicamente que, cando o Concello considere conveniente e necesaria a súa utilización, polos motivos que concurran no servizo , respectarase o procedemento de chamamento regulado nestas bases, podendo o Concello, cando o considere conveniente, de forma xustificada, para cubrir postos vacantes ou necesidades temporais do servizo , aínda que houber constituída unha Bolsa concreta, convocar ex profeso un proceso selectivo.

2.- NORMATIVA APLICABLE.-

O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido nas seguintes disposicións:

- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público;
- Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas),
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables

3.- FUNCIONS.-

As funcións serán as propias do posto e categoría que se desempeña dacordo coa lexislación que lle é de aplicación.

4.- PUBLICIDADE.-

A presente convocatoria e bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na sede electrónica do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios sito na Casa Consistorial do Concello de Pol.

5.- CONDICIONS E REQUISITOS DOS ASPIRANTES .-

Os aspirantes a tomar parte no concurso deberán reunir, na data en que remate o prazo concedido para a presentación das solicitudes os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún dos Estados membros da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empleado público, así como extranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) **Titulación:** Estar en posesión de calquera das titulacións que se recollen a continuación, ou equivalentes, ou da formación ou experiencia seguinte: título de mestre/a especialista en Educación Infantil ou equivalentes ou técnico superior en Educación Infantil o equivalente, de técnico en Atención Socio-sanitaria, técnico superior en animación sociocultural, técnico en coidados auxiliares de Enfermería, técnico en puericultura recoñecido pola Consellería de Sanidade ou algún dos cursos de especialización na materia, que cun mínimo de 300 horas recoñeza o órgano competente na autorización do centro.
- d) Acreditación das titulacións habilitantes para o exercicio das funcións do centro de Atención á Infancia.
- e) Recoñecemento médico que acredite que non se padecen enfermidades infectocontaxiosas nin defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte as súas funcións.
- f) Acreditación de coñecementos básicos en primeiros auxilios.
- g) Certificado negativo do Rexistro Central de delincuentes sexuais.
- h) Acreditación do carné de manipulador de alimentos.
- i) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- j) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- k) Non estar incurso en causa vixente de incapacidade ou incompatibilidade.
- m) **Galego:** Acredita-lo coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008. A acreditación do coñecemento escrito farase por medio da presentación do certificado de iniciación de lingua galega (Celga 2). Porén ás persoas que non acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo tendrán que superar unha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio, que estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán-galego ou galego-castelán, proposto polo Tribunal, sendo necesario para superalo obte-lo resultado de apto.

Todos estes requisitos deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes.

6.-PROCESO DE SELECCIÓN.-

O sistema de selección será o de **concurso - oposición**. Non se avaliará o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar as solicitudes.

6.1. FASE DE CONCURSO.-

A baremación da fase do concurso da bolsa de emprego para a contratación persoal laboral temporal farase en función do seguinte baremo de méritos e puntuación:

6.1.1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: (Máximo 2 puntos)

- Por cada mes completo de servizos prestados en postos de analoga natureza en Administracions Publicas: 0,10 puntos por mes traballado
- Por cada mes completo de servizos prestados en postos de análoga natureza en empresas privadas: 0,05 puntos por mes traballado.

Rexeitaranse as fraccións de tempo inferior o mes.

Os contratos de xornada inferior á xornada completa valoraranse de xeito proporcional en base a vida laboral.

Acreditarase mediante a presentación de certificado- informe de vida laboral actualizado e expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e a copia compulsada dos contratos de traballo ou certificados de empresa en modelo oficial no que conste a categoría profesional. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

6.1.2.- FORMACIÓN (Máximo 2 puntos):

Por cursos relacionados coas funcións propias da praza a que aspira e impartidos por administracións públicas, colexios profesionais, universidades, Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), ou por outras entidades ou empresas sempre que neste último caso veñan homologados por administración públicas, segundo o baremo seguinte:

- De 20 horas a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 horas a 59 horas: 0,20 puntos
- De 60 horas a 99 horas: 0,40 puntos
- De 100 horas a 149 horas: 0, 70 puntos
- De mais de 150 horas: 1 punto

Acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que debe constar o número de horas de formación realizada, o contido específico da formación, a data de realización do curso e si o curso é de asistencia, aproveitamento ou impartición.

Non se computarán cursos de menos de 20 horas nin xornadas, seminarios, congresos ou similares nin os certificados ou diplomas nos que non se especifique o programa formativo e a duración en horas da correspondente acción formativa. No caso dos centros homologados, debe constar esta homologación de forma expresa na documentación presentada.

6.2. FASE DE OPOSICION.- (6 puntos)

A fase de oposición consistirá nun exercicio de carácter obrigatorio e eliminatório.

O exercicio para contestar por escrito a un cuestionario de 20 preguntas con respostas baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no **ANEXO I**, durante un período de 30 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, aos efectos da elaboración do mesmo.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase 1,00 puntos por resposta correcta. As respostas incorrectas ni as en branco non restarán.

Para superar a proba deberá sacarse un mínimo de 10 puntos, e o máximo será de 20 puntos. O aspirante que non supere a proba non pasará a formar parte da bolsa de emprego.

Igualmente, no caso de non posuir titulación acreditativa do coñecemento do Galego, valorarase o seu coñecemento a través dunha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio, que estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán-galego ou galego-castelán, proposto polo Tribunal.

O tempo máximo para a súa realización será de media hora.

Esta proba cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obte-lo resultado de apto

Porén ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 de xullo 2007, DOG do 30 de xullo de 2007, CELGA 2 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto.

7.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES.

As solicitudes para participar no presente proceso de formación de bolsa de emprego presentaranse, conforme ó modelo que figura como anexo I das presentes bases, no prazo de **DEZ (10) días hábiles** no rexistro xeral do concello, en horario de 8:30 a 15.00 horas. Tamen poderán presentarse na forma en que determina o artigo artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, sendo necesario neste caso comunicar a remisión da documentación vía fax ó concello, que deberá ter entrada no prazo de presentación das solicitudes, pois noutro caso non serán admitidas.

O referido prazo computarase a partir do día seguinte á publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, achegándose a seguinte documentación:

- a) Anexo I (Instancia e declaración xurada).
- b) Copia compulsada do DNI.
- c) Copia compulsada da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar.
- d) Acreditación documental xustificativa dos méritos. Os méritos non xustificados documentalmente non serán obxecto de valoración.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Todos os anuncios sucesivos serán publicados, exclusivamente, na sede electrónica do Concello de POL.

8.- ADMISION DE ASPIRANTES.-

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, se dictará resolución, no prazo máximo de diez días hábiles, aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Pol. Nesta lista indícarase nome, apelidos, DNI e causa de exclusión, no seu caso.

Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos e excluídos, disporán dun prazo de **tres días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do Concello, para subsanar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da relación de admitidos e excluídos.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos, serán considerados definitivamente excluídos. En caso de presentarse reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se fará pública do mesmo xeito.

Esta última resolución conterá o nombramento da Comisión Avaliadora así como o lugar, da reunión da Comisión Avaliadora, e data e hora da realización da fase da oposición (proba tipo test e proba de galego, de ser necesario).

Se non existisen candidatos excluídos, se elevará a definitiva a lista provisional, e na mesma resolución farase o nombramento da Comisión Evaluadora e lugar, datas e horas para a convocatoria da realización da proba e entrevista.

Contra a resolución a que se refire o punto 1, así como aquelas outras que resolvan a subsanación de defectos ou omisión de inclusión a que se refire o punto 2 poderán interpoñerse os recursos que teñan lugar en dereito.

9. COMISION DE AVALIACION E SELECCIÓN .-

A Comisión de selección será colexiada e constará, como mínimo, de Presidente, tres vocais e secretario, que serán designados por Resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empleado Público e a Lei de Función Pública de Galicia.

O tribunal cualificador de cada posto de traballo está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poden suscitar na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

O tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do secretario/a, titular ou suplente.

O réximen xurídico aplicable os tribunais de selección será o que se establece polo órganos colexiados na lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo o órgano que efectuara o seu nombramento, cando concurran entre eles algunhas das causas previstas no artigo 23 da Lei de Réximen Xurídico do Sector Público.

Na sesión constitutiva da Comisión de Avaliación procederase a valoración dos méritos alegados polos aspirantes, e a comisión formará unha lista coa orde de clasificación de todos os aspirantes segundo a puntuación final obtida na referida fase, e farase pública no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica do Concello de Pol así coma no lugar de celebración da fase de oposición. Levantarase acta da sesión.

Finalizada a fase de oposición, levantarase acta no que se recolla o resultado final do proceso así como proposta de lista definitiva, así como a proposta de integrantes da bolsa de emprego dos aspirantes por orden de puntuación.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase a maior puntuación obtida na fase de oposición; se persiste, pola seguinte orde de preferencia no baremo de méritos da fase concurso (1ª experiencia profesional 2ª formación), e de persistir no empate por orden de presentación de solicitudes.

Para efectuar esta proposta, a Comisión avaliadora poderá pedir informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

10.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO. -

Cando por razóns de necesidade ou urxencia por calquera dos motivos expresados nas presentes bases, sexa necesario cubrir algún dos postos de referencia procederase ao chamamento pola rigorosa orde establecida na Bolsa de Emprego. As persoas que figuren na bolsa terán a obriga de concorrer ao chamamento que se realice.

No acordo de iniciación de cobertura de cada praza exporase a necesidade e xustificación da urxencia da praza a proveer así como as circunstancias que amparan a necesidade do nomeamento ou contratación do persoal.

As comunicacións se farán exclusivamente por vía telefónica, para o cal os/as aspirantes deberán indicar ao menos un teléfono de contacto. En caso de indicar máis de un número, deberá consignarse unha orde de preferencia. A partir do momento en que se estableza o contacto telefónico o interesado dispoñera únicamente de 2 días laborables para formalizar o seu contrato laboral. Se pasado dito prazo, non se recibe contestación, se entenderá que desiste, pasando ao último lugar da lista. Os servizos de carácter urxente terán prioridade debendo contestar dita persona nun máximo de 24 horas.

Aos efectos de establecer a comunicación e en ausencia do `prop@interesad@` no número ou números indicados, bastará para entender realizado o contacto telefónico, tanto o deixar o correspondente aviso a outra persoa no número indicado, como deixar recado en contestador automático ou buzón de voz.

A persoa encargada destas comunicacións deixará constancia das mesmas, con indicación de data, hora e persoa ou sistema de contacto, mediante dilixencia no expediente.

Calquera interesad@ integrante da lista, poderá consultar ésta, se ben os cambios na mesma non se notificarán persoalmente.

A presente bolsa se configura con rotación, que se producirá ao longo da vixencia da bolsa entre os integrantes da mesma en cada momento.

Os chamamentos á celebración de contratación de persoal do PAI farase de conformidade coa orden de puntuación obtida, coas seguintes condicións:

1.- A renuncia a un posto de traballo ofertado supoñerá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que concorran unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- Estar desempeñando outro posto de traballo con contrato en vigor, acreditarase mediante a presentación da copia do referido contrato. Os integrantes da bolsa poderán pedir que se suspendan os chamamentos para a mesma por estar desempeñando outro traballo; a suspensión, para ter tida en conta, deberá estar solicitada como mínimo 15 días antes do chamamento.

2.- Obtenida a conformidade do/a interesad@ a quen corresponda o posto, a Alcaldía procederá ao seu nomeamento ou contratación laboral, deixándose constancia no expediente da Bolsa utilizada e dos cambios que como consecuencia do chamamento se produciran na correspondente lista.

Os candidatos que non tivesen sido localizados permanecerán nos postos que ocupaban na Bolsa, á espera dun novo chamamento.

As persoas que renunciaren a dous chamamentos na mesma bolsa ou que non foran localizados en dous chamamentos, sen mediar xustificación, quedarán excluídas automaticamente da Bolsa.

Aqueles integrantes da Bolsa que unha vez citados, non se presenten á citación, entenderase que rexeitaron a esta, pasando ao último lugar da lista, salvo que exista xustificación conforme ao xa mencionado.

11.- VIXENCIA DA BOLSA.

Esta bolsa de emprego terá como máximo unha **vixencia 2 anos**, salvo no suposto de que ditas prazas foran cubertas de maneira definitiva mediante a correspondente oferta de emprego.

Excepcionalmente, cando quedara agotado o listado da Bolsa de Emprego, poderá confeccionarse un listado adicional a partir da apertura dun prazo extraordinario da Bolsa de Emprego para cubrir necesidades de carácter temporal. Estas posibles convocatorias, axustaranse, en todo caso, ó disposto nas presentes Bases.

12.- NOMEAMENTO E FORMALIZACION DO CONTRATO E RÉXIME DO MESMO.

Naqueles casos que proceda establecerse un período de proba, conforme ó art. 14 do Estatuto dos traballadores, transcorrido este período conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores, se a persoa de que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase. A formalización e continuación do contrato (dentro do período de duración establecido) queda condicionada ó mantemento do Servizo do Punto de Atención á Infancia do Concello de Pol.

Por necesidades do servizo do Punto de Atención á Infancia, o Concello de Pol poderá modificar o número de horas a semana do posto de traballo ofertado antes da data tope de remate do mesmo.

13.- NORMAS FINAIS.-

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso Administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo.

ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO BOP DE DATA.....

DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

.....

DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELÉFONO: MÓBIL:E-MAIL:

DOMICILIO COMPLETO AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

.....

EXPOÑO:

Que acepto as bases da convocatoria e reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

SOLICITO:

Participar no proceso obxecto da convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente, presentando a seguinte documentación (tachar o que proceda):

- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda en caso de extranxeiros.
- Copia compulsada do título académico esixido.
- Acreditación documental xustificativa dos seguintes requisitos esixidos:
 - ✓ Curso manipulador de alimentos.
 - ✓ Certificado negativo do Rexistro Central de delinquentes sexuais en virtude do artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de protección do menor.
 - ✓ Recoñecemento médico que acredite que non se padecen enfermidades infectocontaxiosas nin defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte as súas funcións.
 - ✓ Acreditación de coñecementos básicos en primeiros auxilios.
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.

Asimesmo declaro que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos contitucionales ou estatutarios das Comunidades Autónoma, e que non me encontro incurso en inhabilitación

absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso o corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de constitución de bolsa de emprego, firmo a presente declaración, baixo a miña responsabilidade,

En Pol, a de de 2022

(Sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE POL

ANEXO II: TEMARIO.

Tema 1.- Constitución Española. Título preliminar. Título I.

Tema 2.- O Municipio: organización e competencias.

Tema 3.- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia. Dereitos e deberes dos empregados públicos.

Tema 4.- Ordenanza reguladora de funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Pol.

Tema 5.- O crecemento e desenvolvemento físico dos nenos/as de 0 a 3 anos. O desenvolvemento social e motor. O desenvolvemento cognitivo e lingüístico. O desenvolvemento emocional. Alteracións máis frecuentes do desenvolvemento.

Tema 6.- As enfermidades máis frecuentes da infancia. Os accidentes infantís. A prevención dos accidentes infantís.

Tema 7.- A educación infantil para a saúde. Primeiros auxilios e enfermidades transmisibles mais comúns no/a neno/a de 0-3 anos. Profilaxis pasiva e vacinal dos nenos/as.

Tema 8.- A importancia do xogo no desenvolvemento infantil. O xogo como recurso didáctico. A intervención do educador no xogo infantil.

Tema 9.- O xogo e o aprendizaxe escolar. Tipo e clases de xogos. Materiais e recursos. O recuncho como espazo lúdico e de aprendizaxe. A observación do xogo.

Tema 10.- O papel da familia na educación dos fillos. A familia como elemento imprescindible no proceso educativo. Canles de comunicación do centro coa familia.

Tema 11.- A educación infantil dos nenos con necesidades educativas especiais. A importancia da intervención temperá.

Tema 12.- Metodoloxías específicas no primeiro ciclo da educación infantil.

Tema 13.- Programación do primeiro ciclo de educación infantil para a consecución de capacidades xerais da etapa mediante a metodoloxía, obxectivos e contidos das áreas no currículo. Adaptacións curriculares.

Tema 14. O desenvolvemento de diferentes linguaxes: verbal, musical, plástico e matemático na Educación Infantil. Uso das tecnoloxías da información e da comunicación. Intervención educativa. Recursos actividades e materiais.

Pol, 1 de decembro de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Onega.

R. 3548

RÁBADE*Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 21 de novembro de 2022, adoptou o acordo de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais reguladoras das taxas pola prestación dos servizos de auga, alcantarillado, saneamento e depuradora no Concello de Rábade. En cumprimento do artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a exposición pública, por un prazo de 30 días, para que os interesados o poidan examinar e presenten as reclamacións que estimen oportunas.

No caso en que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Rábade, 23 de novembro de 2022.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 3496

RIOTORTO*Anuncio*

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria de 02 de decembro de 2022 acordou aprobar o expediente MC 15/2022, de modificación de créditos, para a consignación do incremento retributivo establecido para o persoal desta entidade de conformidade co Real Decreto 18/2022, de 18 de outubro. De conformidade co disposto no Real Decreto citado e no artigo 177.6 do Real Decreto 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora da Facendas Locais, faise saber que o acordo é inmediatamente executivo, sen perxuízo das reclamacións que contra este acordo se promoveran durante os quince días hábiles seguintes á publicación deste edicto, as cales deberán de substanciarse dentro dos oito días seguintes á presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución.

Riotorto, 2 de decembro de 2022 O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R.3559

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 02 de decembro de 2022, acordou a aprobación inicial do expediente MC 16/2022, de modificación de créditos.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de QUINCE DÍAS a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no BOP e no Taboleiro de Anuncios do Concello, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo, non se tivesen presentado alegacións, considerase aprobado definitivamente dito Acordo.

Riotorto, 2 de decembro de 2022.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3560

SAMOS

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *ordinaria* celebrada o día 02/12/2022 acordou a aprobación inicial do expediente 20/2022 de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo *ao remanente líquido de Tesouraría*.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 2 de decembro de 2022.- O alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 3557

SARRIA

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos, de transferencia de crédito TC 11/2022 do Concello de Sarria, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 24 de novembro de 2022, en cumprimento do disposto nos artigos 179.4 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente exponse ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

Os expedientes de modificación de créditos quedarán definitivamente aprobados se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

Os expedientes de modificación de créditos definitivamente aprobados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.

Sarria, 28 de novembro de 2022.- O Alcalde, Claudio M Garrido Martínez.

R. 3497

O SAVIÑAO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE O SAVIÑAO (Expte. 1070/2022)

Aprobado polo Concello Pleno desta Corporación, na sesión celebrada con data 29 de setembro de 2022, o expediente de aprobación inicial da modificación da Ordenanza Reguladora do prezo público polo servizo da Escola Infantil Municipal do Concello de O Saviñao.

De conformidade co disposto no artigo 17 do TRLRFL, aprobado por RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL, expúxose ao público, durante un prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio no BOP de Lugo núm. 231, de 8/10/2022, para que os interesados poideran examinar o expediente e presentar as reclamacións se o estimasen oportuno, estando ademais o dito expediente a disposición de calquera interesado nas dependencias municipais e na sede electrónica deste concello:<http://concellodosavinao.sedelectronica.gal>

Unha vez transcorrido o devandito prazo sen presentarse alegacións, considerárase aprobado definitivamente o devandito acordo inicial de aprobación da seguinte:

«ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL NO CONCELLO DE O SAVIÑAO.

ARTIGO 1. CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 ámbolos dous do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais este concello establece o prezo público por prestación do servizo público Escola Infantil do Concello de O Saviñao, especificando as tarifas no artigo 4, que se rexerán polo presente texto normativo.

ARTIGO 2. OBRIGADOS O PAGAMENTO

Están obrigados ao prezo público regulamentado nesta ordenanza os pais dos nenos en situación de alta no centro sinalado no artigo anterior e, no seu defecto, os familiares ou titores legais a quen corresponda o exercizo da patria potestade que se beneficien dos servizos ou actividades prestadas ou realizados polo servizo de escola infantil municipal.

ARTIGO 3. OBRIGA DE PAGAMENTO

3.1. A obriga do pagamento do prezo público regulamentado nesta ordenanza nace dende o momento en que se preste o servizo, excepto no caso da matrícula que se efectuará para a formalización da mesma e no prazo que estipule a administración.

3.2. O pagamento das cotas, sen perxuízo do establecido no artigo 5º, realizarase mensualmente nos dez primeiros días do mes a que correspondan. Nos casos en que o ingreso no centro se produza con posterioridade ó día primeiro do mes, a cota correspondente ó dito mes ingresarase nos dez días seguintes ó da data do ingreso.

3.3. No caso de utilización do servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

3.4. Salvo o disposto no artigo 5º, a falta de asistencia do neno/a ó centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

3.5. A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas orixinará a perda do dereito á praza.

ARTIGO 4. COTAS

Os prezos públicos mensuais dos servizos prestados pola escola infantil 0-3 anos, en consonancia co establecido no Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, modificado por Decreto 91/2014, de 17 de xullo (DOG núm. 140 de 24 de xullo de 2014), e por Resolución da AGASS de 10 de maio de 2017 (DOG núm. 97 do 23 de maio de 2017), son os seguintes:

4.1. Prezo de matrícula.

O prezo da matrícula será de 40,00 euros por neno/a e curso.

4.2. Prezo por atención educativa.

O prezo por asistencia en xornada completa a Escola Infantil municipal fíxase en 169,26 euros mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no punto 4.4.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.

4.3. Prezo por servizos complementarios.

4.3.1.- Servizo de Comedor

O prezo por comedor fíxase en 50,00 euros mensuais/neno/a.

No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilízalo algún día solto, o prezo será de 4,23 euros/día.

O prezo de comedor non estará suxeito a ningunha redución.

4.3.2.- Horario ampliado.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16 euros/hora.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

4.4. Aplicación dos prezos públicos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do IPREM.

Prezo da praza: sen servizo de comedor 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM.

Prezo da praza: sen servizo de comedor 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM.

Prezo da praza: sen servizo de comedor 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM.

Prezo da praza: sen servizo de comedor 69,81 €.

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM.

Prezo da praza: sen servizo de comedor 112,13 €.

f) Rendas comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM.

Prezo da praza: sen servizo de comedor 133,29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: sen servizo de comedor 147,05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM.

Prezo da praza: sen servizo de comedor 169,26 €.

4. 5. Descontos

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

4.5.1. Nenos/as pertencentes a familias numerosas: desconto do 20 por cento da cota mensual.

4.5.2. Nenos/as pertencentes a familias monoparentais: desconto do 20 por cento da cota mensual.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

4.5.3. Cando por causas sobrevidas, debidamente xustificadas, o neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

4. 5. Bonificacións

Bonificación do 100 por cento das cotas correspondentes á atención educativa e gratuidade da matrícula, segundo o establecido na disposición adicional novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia mentres a mesma estea en vigor; e/ou se mantéña a dita bonificación pola normativa autonómica acompañada da financiación correspondente ao dito gasto.

ARTIGO 5. SUSPENSION TEMPORAL DA COTA

Os suxeitos obrigados aos que fai referencia o artigo 2, non terán a obriga de aboar a cota durante os seguintes períodos:

- O mes de vacacións anual do neno/a: terán dereito únicamente aqueles menores que estén matriculados durante todo o curso escolar, e dicir, dende o 1 de setembro ao 31 de agosto do ano seguinte.

- Cando, por calquera motivo distinto ao período de vacacións anual baseado nunha causa xustificada, o centro permaneza pechado un prazo superior a 15 días lectivos seguidos.

- Cando, por unha causa debidamente xustificada, o neno/a deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, o suxeito obrigado estará exento de aboar a cota mensual, debendo aportar, xunto coa solicitude de suspensión de pago de cota, unha acreditación documental da circunstancia xustificativa que motiva a non asistencia, que será valorada oportunamente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

En todo o non previsto nesta ordenanza, estarase ao previsto no Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3, coas súas modificacións posteriores, e ao resto de normativa autonómica relativa as escolas infantís de 0-3 anos que resulte de aplicación.

DISPOSICION DERROGATORIA.

Queda derogado o acordo de Pleno de día 11 de xuño de 2021 polo que se aproba o “Prezo público pola prestación do servizo público da Escola Infantil de O Saviñao”.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de edictos municipal e na sede electrónica do concello de O Saviñao, e comezará a aplicarse con data de 1 de setembro de 2022, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

O Saviñao, 25 de novembro de 2022.- O Alcalde. Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3498

Anuncio

APROBACION DEFINITIVA REGULAMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA” DO CONCELLO DE O SAVIÑAO (Expte. 1063/2022).

Sendo aprobado inicialmente pola Corporación en Pleno, en sesión ordinaria de data 29/09/2022, o REGULAMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA” DO CONCELLO DE O SAVIÑAO, e transcorrido o prazo de 30 días de exposición pública (BOP Lugo núm. 230, de 7 de outubro de 2022) e non presentándose alegacións, considérase aprobado definitivamente e publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

O presente acto pon fin á vía administrativa e contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do TSX de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

REGULAMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA” DO CONCELLO DE O SAVIÑAO

FUNDAMENTACIÓN

Os poderes públicos deberán asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares.

A Constitución española atribúe a competencia nesta materia a través do artigo 148.1.20 ás Comunidades Autónomas e estas, no marco dos seus estatutos, promulgaron as leis de servizos sociais (en Galicia, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia).

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 4.2, encomenda aos poderes públicos de Galicia a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, debendo remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os galegos e todas as galegas na vida económica, cultural e social.

O artigo 27 da norma estatutaria no seu apartado 23, atribúelle á Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter exclusivo, competencia en materia de asistencia social, ó igual que a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que establece no seu artigo 25.2.e) como competencia municipal a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no seu artigo 4, establece que os principios dos servizos sociais rexeranse, entre outros, polos principios de prevención, responsabilidade pública, acción integral e personalizada, autonomía persoal e vida independente, integración e normalización e descentralización e

proximidade. Ademais, no capítulo II da lei faise referencia ó catálogo de servizos sociais, e concretamente no artigo 20 defínense os servizos e actuacións de natureza material ou tecnolóxica, contemplando dentro destes, no punto d), o servizo de axuda no fogar e no punto g) a manutención, xa sexa en locais de atención colectiva ou no propio domicilio da persoa usuaria.

Na orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG núm. 22, do 02.02.2009), faise referencia no artigo 3.2.c) a que un dos obxectivos do servizo de axuda no fogar é favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio; e no artigo 4.1.c) faise referencia á atención das necesidades de carácter doméstico, tales como a compra e a preparación de alimentos, especificándose que este tipo de atención poderá ser facilitado en parte por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

A Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, establece como principio de responsabilidade pública, entre outros, dispensar especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias e mais a aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social.

Dende os programas de atención a persoas maiores e dependentes que se realizan dende os servizos sociais do noso concello, detectouse un crecente número de persoas con dependencia que viven soas ou que pasan parte do día soas. Esta situación, en moitos casos, repercute negativamente na súa alimentación debido tanto a dificultades para realizar a compra (dispersión xeográfica, situación deficitaria dos medios de transporte...), como para a elaboración da comida (falta de autonomía persoal para realizar esta tarefa, coñecementos deficitarios para elaborar menús saudables...), iso unido aos perigos que supón a elaboración das comidas (gas, cociña de leña, auga quente...). Ademais, na maioría dos casos, non existe variedade nin calidade nos alimentos influíndo negativamente na súa saúde, ao non coidar axeitadamente as súas necesidades nutricionais.

O Concello de O Saviñao puxo de manifesto a súa vontade de formar parte da implantación do programa “Xantar na Casa”, mediante a sinatura dun Convenio de colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar Social para o desenvolvemento do Programa “Xantar na Casa”, concibido como un servizo de atención aos colectivos de persoas maiores, persoas con falta de autonomía persoal e persoas en situación de risco de exclusión social que se atopan cunha serie de limitacións que lles impiden ter unha adecuada cobertura alimenticia; tendo como finalidade mellorar a calidade de vida das ditas persoas, prestando un apoio dentro do propio domicilio, co obxectivo de atender as súas necesidades relacionadas coa alimentación.

Este servizo proporciona a posibilidade de complementar o servizo de axuda no fogar que presta o Concello de O Saviñao e atender ás necesidades relacionadas coa alimentación de persoas maiores e a colectivos de risco de exclusión social que precisen do servizo, e así manter a propia capacidade de independencia e autonomía destes colectivos, posibilitando a permanencia nos seus propios fogares nunhas condicións aceptables, prestando máis atención e coidados ás persoas que o precisen no seu propio contorno e, deste xeito, evitar o desarraigo ou retardar posibles institucionalizacións.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

O presente regulamento ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do servizo “Xantar na casa” no Concello de O Saviñao.

Artigo 2. Finalidade.

O programa “Xantar na Casa” é un servizo de comida a domicilio que pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade, adaptada ás necesidades das persoas beneficiarias, ademais de dar cobertura ás necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

Artigo 3. Obxectivos.

1. Xeral: Mellorar o nivel de benestar e de calidade de vida das persoas beneficiarias e tamén das súas familias, facilitando a súa permanencia no seu contorno comunitario e retardando ou evitando a institucionalización.

2. Os obxectivos específicos son:

- a) Proporcionar ás persoas beneficiarias unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado e profesionalizado.
- b) Evitar o deterioro da calidade de vida das persoas beneficiarias por teren unha dieta inadecuada.
- c) Previr situacións de risco que poidan producirse no proceso de preparación e elaboración da comida.
- d) Facilitar un respiro ás familias e ós coidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral.
- e) Facer un seguimento individualizado de cada persoa usuaria por parte dos e das profesionais que interveñen no servizo.

TÍTULO II. PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 4. Persoas beneficiarias.

O servizo de “Xantar na casa” atenderá a aquelas persoas para as que o/a traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos do Concello de O Saviñao valore como un recurso idóneo.

Prioritariamente estará destinado as seguintes persoas:

- 1 Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidese suplir tal situación.
- 2 Persoas con recoñecemento da situación de dependencia e/ou discapacidade, que carezan de apoio familiar para cubrir esta necesidade e que requiran axuda para as tarefas necesarias da elaboración do xantar.
- 3 Persoas en situación de exclusión social ou desestruturación familiar tecnicamente valorada polo/a traballador/a social de referencia.
- 4 Persoas en situación de mal nutrición valorada polo/a seu/súa médico.
- 5 Outras situacións non recollidas nos puntos anteriores, para as que a/o traballadora/or social de referencia valore a idoneidade deste servizo.

Artigo 5. Requisitos de acceso ao servizo “Xantar na casa”.

- a) Estar empadroadado/a e ter residencia efectiva no concello de O Saviñao.
- b) Presentar unha situación de dificultade para desenvolver axeitadamente o proceso de compra, preparación e elaboración de comidas.
- c) Carecer de posibilidades persoais e familiares para cubrir axeitadamente esta necesidade. Se a persoa solicitante é dependente non só para a preparación e elaboración dos menús, senón para inxerir os mesmos, requirirase para a prestación do servizo, o compromiso de colaboración dalgunha persoa relacionada ca/o solicitante ou o acceso, a un servizo complementario.
- d) Ter cubertas as demais necesidades básicas (hixiene, habitabilidade....). En ausencia desta condición deberán exercerse previamente outro tipo de medidas para resolver esta situación.
- e) Dispoñer no domicilio de microondas e frigorífico que se adapte ás necesidades do servizo.

TÍTULO III. XESTIÓN E PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

Artigo 6. Forma, lugar e prazo de presentación de solicitudes.

1. A persoa interesada no servizo de “xantar na casa” deberá de presentar a solicitude individual conforme ao modelo oficial, que deberá de ir acompañada da documentación especificada no artigo 7.
2. A solicitude deberá presentarse no rexistro xeral do Concello de O Saviñao de xeito presencial ou a través de sede electrónica ou en calquera outro dos rexistros públicos aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
3. As solicitudes poderán presentarse en calquera momento do ano.

Artigo 7. Documentación.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia do DNI da persoa solicitante, do representante legal e/ou gardador de feito, de ser o caso. No suposto de estranxeiros/as, documento acreditativo da súa identidade.
- b) Copia da tarxeta sanitaria.
- c) Certificado de empadramento e de convivencia.
- d) Copia do libro de familia e/ou certificado actualizado de parella de feito, se procede.
- e) Copia do certificado de recoñecemento do grao de discapacidade e/ou dependencia, de ser o caso.
- f) Informe médico de atención primaria, selado e correctamente cumprimentado conforme ao modelo establecido (imprescindible cubrir o tipo de dieta recomendada).
- g) Xustificantes dos ingresos económicos da persoa solicitante, cónxuxe ou parella de feito e outras persoas integrantes da unidade familiar.

Cando a persoa solicitante se atope vinculada a outra persoa por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, as rendas de ambos terán consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos dos dous membros de la parella.

Deberá achegarse:

- g.1) Certificado de pensións mensuais (viuvez, orfandade, non contributiva...) ou calquera outros ingresos (nómina, paro...) correspondentes ao ano no que se formula a solicitude.
- g.2) Fotocopia da declaración do IRPF do último ano ou, no seu defecto, certificado negativo; ou ben autorización ao Concello de O Saviñao para acceder aos datos tributarios debidamente asinada por tódolos membros que formen parte da unidade familiar de convivencia. No caso de existir variación substanciais na situación económica actual, asinarase unha declaración responsable das condicións económicas concorrentes na data da solicitude e a documentación xustificativa de dita situación.
- h) Autorización de domiciliación bancaria conforme ao modelo establecido, asinada pola persoa interesada e a entidade bancaria.
- i) Compromiso de contrato das persoas beneficiarias do servizo “Xantar na Casa” conforme ao modelo establecido.
- j) Outros documentos que poidan ser determinantes para a valoración do expediente.

Artigo 8. Procedemento para a concesión do servizo.

1. Presentada a solicitude conforme ao establecido no artigo 6, serán os servizos sociais quen reciban o expediente e comprobén que a solicitude está debidamente cumprimentada.
2. No caso de que a solicitude estivera incompleta e non reunira os requisitos necesarios para a súa tramitación, requirirase a persoa solicitante para que, de conformidade co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 10 días, emende os defectos e/ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, entenderase que desiste do seu pedimento, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 de dito texto legal.
3. Os servizos sociais do Concello de O Saviñao realizarán cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados pola persoa solicitante, avaliando as solicitudes segundo os requisitos e baremo estipulados no presente regulamento.
4. O/a Traballador/a Social procederá á comprobación dos datos proporcionados e a valoración técnica da necesidade, elaborando o preceptivo informe social conforme ao modelo establecido, emitindo a proposta de concesión ou denegación que será elevada ao órgano competente para a posterior resolución, que deberá axustarse necesariamente ás características establecidas no presente regulamento.
5. A resolución-proposta das persoas beneficiarias do servizo de Xantar na casa será remitido ao Consorcio conforme ao modelo establecido a estes efectos.
6. A prestación do servizo quedará supeditado, en todo momento, a existencia de prazas dispoñibles. Unha vez cubertas todas as prazas existentes, as solicitudes pasarán a unha lista de agarda segundo os criterios establecidos no presente regulamento.
7. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente valorada polo/a traballador/a social correspondente, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.
8. A prestación do servizo obxecto deste regulamento supeditarase á dispoñibilidade orzamentaria existente en cada momento e á continuidade do Programa Xantar na Casa.

Artigo 9. Resolución e notificación.

1. De acordo co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, as axudas contempladas neste regulamento serán resoltas pola alcaldía, concedendo ou denegando o servizo solicitado, sen prexuízo das delegacións que poidan autorizarse, de acordo co previsto na citada norma.
2. A resolución adoptada, debidamente motivada, será notificada ás persoas interesadas no domicilio que figure no expediente a efectos de notificacións. A falta de resolución expresa en prazo implicará a desestimación da solicitude de achega, ser prexuízo do indicado no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
3. A resolución ditada porá fin á vía administrativa e contra a mesma caberá interpor ben recurso contencioso-administrativo, ou ben, potestativamente e con carácter previo a este, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou. A presentación do recurso de reposición poderá efectuarse no prazo dun mes, segundo o sinalado no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A interposición do recurso contencioso administrativo poderá efectuarse no prazo de dous meses, segundo o indicado no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Artigo 10. Derivación e coordinación co Consorcio.

- 1.- Tras a resolución de concesión por parte do órgano competente, o Concello de O Saviñao comunicará os datos da persoa interesada ao Consorcio conforme ao modelo establecido, tal e como se indica no artigo 8.5.
2. O Consorcio comunicará o inicio da prestación do servizo á:
 - Empresa adxudicataria, que iniciará o servizo nos 10 días naturais seguintes

- Persoa beneficiaria
- Departamento de Servizos Sociais do Concello de O Saviñao.

3. No caso de modificacións, baixa voluntaria definitiva ou baixa temporal, os servizos sociais municipais comunicarán ao Consorcio as variacións oportunas para o reparto de xantares, segundo os modelos establecidos no convenio de colaboración asinado.

TÍTULO IV. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Artigo 11. Criterios para a baremación das solicitudes.

11.1 Os criterios para a baremación das solicitudes do servizo xantar na casa aplicaranse cando se cumpra co establecido nos artigos 4 e 5 do presente regulamento, e faranse de acordo cos seguintes apartados (deberá marcarse unha soa opción dentro de cada apartado): **BAR**

11.1.1 UNIDADE DE CONVIVENCIA (máximo 10 puntos)

SITUACION CONVIVENCIA	PUNTOS
A persoa vive soa con problemas de mobilidade	10 ptos
A persoa vive soa	8 ptos
Convivencia con menores ou con outra persoa con déficits de saúde, recoñecidos médicamente, que lle impiden a prestación da axuda	6 ptos
Convivencia con persoas sen habilidades para prestar a axuda ou con dificultade para adquirilas	4 ptos
A/s persoa/s cuidadora/s pasan toda a xornada fóra do domicilio por causas laborais ou familiares	2 ptos
A/s persoa/s cuidadora/s están desocupados, sen cargas familiares ou laborais, nin presentan dificultades de saúde que lles impida prestar esta atención	0 ptos

11.1.2 EXISTENCIA DE MEMBROS DA REDE INFORMAL DE APOIO (máximo 5 puntos)

SITUACION SOCIO FAMILIAR	PUNTOS
Ausencia de relación (persoa que non se relaciona)	5 ptos
Relación con persoas da veciñanza ou amigos	3 ptos
Relación con familia extensa	2 ptos
Relación con fillos/as	1 pto

11.1.3 DINÁMICA RELACIONAL (máximo 4 puntos)

TIPO DE RELACIÓN SOCIO FAMILIAR	PUNTOS
Relacións conflitivas	4 ptos
Ausencia de relación	3 ptos
Relacións escasas	2 ptos
Relacións normalizadas	1 pto

11.1.4 VIVENDA

11.1.4.1 Tipo de Vivenda (máximo 3 puntos)

TIPO DE VIVENDA	PUNTOS
Piso, apartamento, vivenda unifamiliar	3 ptos
Habitación, pensión alugada, vivenda colectiva	2 ptos
Chabola, prefabricado, caravana	1 pto

11.1.4.2 Réxime de Tenencia (máximo 3 puntos)

REXIME DE TENENCIA	PUNTOS
Alugada, realugada	3 ptos
En réxime de cesión	2 ptos
Propia ou dalgún membro da unidade familiar	1 pto

11.1.4.3 Condicións de Habitabilidade (máximo 4 puntos)

CONDICIÓN HABILIDADE VIVENDA	PUNTOS
Adecuadas	1 pto
Amoreamento	2 ptos
Malas condicións de habitabilidade e/ou carencia dalgún servizo básico	3 ptos
Insalubridade, inhabitabilidade	4 ptos

11.1.4.4 Accesibilidade da vivenda (máximo 3 puntos), non puntuando no caso de persoas en situación de exclusión social

ACCESIBILIDADE VIVENDA	PUNTOS
Con barreiras no interior da vivenda	3 ptos
Con barreiras no acceso a vivenda	2 ptos
Con adaptacións funcionais	1 pto

11.1.4.5 Localización da vivenda (máximo 5 puntos)

LOCALIZACION	PUNTOS
Rural – Illada/Alta dispersión	5 ptos
Rural	3 ptos
Urbana	1 pto

11.1.4.6 Acceso a equipamentos e recursos (máximo 3 puntos)

ACCESO A EQUIPAMENTOS	PUNTOS
Comunicacións deficientes	3 ptos
Boas ou aceptables comunicación básicas	1 pto

11.1.5 SITUACIÓN ECONÓMICA (máximo 15 ptos). Totalidade dos ingresos mensuais netos do solicitante prorrateándose as pagas extras e incrementándose cós rendementos bancarios, rendas, plusvalías, etc..., derivados tanto do traballo e pensións coma do capital e/ou de produtos financeiros dos que sexan titulares e/ou calquera outros ingresos.

A capacidade económica da persoa usuaria do servizo calcularase en atención á renda. Terase en conta, ademais, á/ó cónxuxe ou parella (legal ou de feito) e ó resto das persoas que forman a unidade de convivencia, de acordo cos parágrafos seguintes:

A renda valórase atendendo á declaración da renda do último exercicio económico fiscal ou co certificado de imputacións da renda da AEAT. Excepcionalmente, naquelas situación nas que a situación económica varíe substancialmente, terase en conta os ingresos netos actuais.

Calcularanse os ingresos anuais e dividiranse entre doce (12) para obter os ingresos mensuais.

Cando a persoa solicitante conviva con outras persoas, a capacidade económica determinarase sumando a renda da persoa interesada e a de cada convivinte e dividíndoa entre todos eles, é dicir, terase en conta para o cálculo a renda per cápita (RPC).

Cando a persoa beneficiaria conviva con ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores en situación de discapacidade (recoñecida polos equipos de valoración de discapacidade), que dependesen economicamente dela; a capacidade económica determinarase sumando a renda da persoa interesada e a de cada convivinte economicamente dependente e dividíndoa entre todos eles. Considerarase persoa economicamente dependente aquela que non perciba ningún ingreso.

RENDA (RCP) EN RELACION Ó IPREM	PUNTOS
Menor ou igual ó 100% IPREM	15 ptos
Maior do 100% IPREM e menor ou igual ó 125% IPREM	12 ptos
Maior do 125% IPREM e menor ou igual ó 150% IPREM	8 ptos
Maior do 150% IPREM e menor ou igual ó 200% IPREM	4 ptos
Maior do 200% IPREM	0 ptos

11.1.6 AUTONOMÍA PERSOAL (máximo 4 puntos)**11.1.6.1 ACTIVIDADES RELACIONADAS COA VIDA DIARIA****11.1.6.1.1. VESTIMENTA (máximo 4 puntos)**

TAREFAS/CAPACIDADE	PUNTOS
Incapaz de vestirse sen axuda	4 ptos
Precisa algunha axuda para vestirse	3 ptos
Vístese só pero incorrectamente	2 ptos
Vístese sen axuda e correctamente	1 pto

11.1.6.1.2 ASEO (máximo 4 puntos)

Incapaz de asearse sen axuda	4 ptos
Precisa algunha axuda para asearse	3 ptos
Aséase só pero incorrectamente	2 ptos
Aséase sen axuda	1 pto

11.1.6.1.3 ALIMENTACIÓN (máximo 4 puntos)

Presenta problemas de nutrición e é incapaz de alimentarse	4 ptos
Non se alimenta correctamente e precisa axuda	3 ptos
Aliméntase correctamente con axuda mínima	2 ptos
Aliméntase correctamente e sen axuda	1 pto

11.1.6.2 ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROGRAMACIÓN E PREPARACIÓN DE COMIDAS**11.1.6.2.1 COMPRA DE ALIMENTOS (máximo 3 puntos)**

Non realiza esta actividade	3 ptos
Necesita axuda para a súa realización	2 ptos
Realiza esta actividade só/soa	1 pto

11.1.6.2.2 ELABORACIÓN DOS MENÚS (máximo 3 puntos)

Non ten axuda e cóstalle preparalos	3 ptos
Recibe axuda dun familiar, amigo, veciño, S.A.F., etc	2 ptos
Apañase só sen ningunha axuda	1 pto

11.1.7 CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE (máximo 4 puntos)

Igual ou superior ó 75%	4 ptos
Igual ou superior ao 65% e inferior ao 75%	2 ptos
Igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%	1 pto

11.1.8 GRAO DE DEPENDENCIA (máximo 6 puntos)

Grao III	6 ptos
Grao II	4 ptos
Grao I	2 ptos

11.1.9 VALORACIÓN DA ADECUACIÓN DO RECURSO Á SITUACIÓN DA PERSOA INTERESADA (máximo 8 puntos)

Recurso idóneo para cubrir a necesidade	8 ptos
Recurso complementario doutro/s recuso/s ou do apoio familiar	6 ptos
Recurso temporal mentres se resolve o trámite de recursos máis axeitados ou a intervención coa familiar para que presten apoio	4 ptos
Situación non prioritaria	2 ptos
Recurso innecesario ou que non pode resolver a necesidade de atención	0 ptos

Unha vez comprobado que as persoas solicitantes cumpren os requisitos estipulados nos artigos 4 e 5, e unha vez realizada a baremación tendo en conta o estipulado no punto anterior, procederase á selección das posibles persoas beneficiarias tendo en conta:

Primeiro. Maior puntuación.

Segundo. En caso de igual puntuación, data e número de entrada no Rexistro Xeral do Concello.

TÍTULO V: DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**Artigo 12. Dereitos das persoas beneficiarias**

1. Acceder ao servizo e recibilo sen discriminación por razón de raza, xénero, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
2. A consideración no trato debido á dignidade da persoa por parte do persoal do servizo.
3. O tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
4. A formular reclamacións e presentar suxestións.
5. A recibir unha información clara e completa sobre a organización do servizo e sobre as posibles modificacións sobrevidas.
6. A coñecer a situación do expediente.
7. A deixar de usar o servizo por vontade propia.

Artigo 13. Deberes das persoas beneficiarias.

1. Informar á/ó traballadora/or social de referencia dos cambios da súa situación social, económica, sanitaria e persoal, que poidan producir modificacións na prestación do servizo, achegando a correspondente documentación, se fose o caso. De non facelo, procederase ó cobro dos servizos prestados indebidamente.
2. Cumprir as normas sobre o acceso, seguimento e utilización deste servizo recollidas neste regulamento.
3. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento adecuado do servizo, en función das súas capacidades e nas formas acordadas en cada caso.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que prestan o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
5. Coidar do material e electrodomésticos cedidos pola empresa distribuidora, de ser o caso, sendo responsables dos danos e prexuízos que por acción ou por omisión causen na operatividade do servizo e nos seus utensilios.
6. En caso de suspensión ou extinción do servizo, a persoa beneficiaria ten a obriga de devolver o material cedido en depósito, pola empresa adxudicataria.
7. Aboar a cota mensual fixada para este servizo nos dez (10) primeiros días de cada mes.

8. Asinar o compromiso de contrato para autorizar o acceso á vivenda do persoal repartidor do servizo e comprometéndose a atender e realizar as indicacións que sobre o mesmo se lle faciliten. Deberá encontrarse no domicilio os días de reparto de menús; en caso contrario, comunicará coa suficiente antelación un domicilio alternativo de entrega que, en todo caso,

será un domicilio próximo ó da persoa beneficiaria.

9. Comunicar con 15 días naturais de antelación á/ó traballadora/or social de referencia a renuncia, baixa voluntaria ou ausencia temporal. Neste último caso concretarase, sempre que sexa posible, a duración prevista da ausencia.

No caso en que a persoa beneficiaria non o comunique en tempo e forma e se intentase a entrega dos menús no seu enderezo, a persoa beneficiaria aboará os menús realizados ata a data do feito.

Artigo 14. Atención telefónica.

As persoas beneficiarias disporán dunha liña telefónica aberta ininterrompidamente os 365 días do ano para atender calquera incidencia na prestación do servizo: 902400429.

TÍTULO VI: CAUSAS DE SUSPENSIÓN, MODIFICACIÓN OU EXTINCIÓN DO SERVIZO

Artigo 15. Suspensión ou modificación do servizo.

1. A suspensión temporal efectuarase nos seguintes supostos:

a) Ausencia da persoa beneficiaria do seu domicilio: por vacacións, viaxes, ou ingreso temporal en centros sanitarios/residenciais por un tempo inferior a 45 días. Este prazo poderase ampliar se está convenientemente xustificado.

b) Cambio de domicilio no mesmo municipio, mentres non se realice a nova valoración social.

2. Con carácter xeral, a modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo poderán dar lugar a cambios nas condicións da prestación nas que fora concedida inicialmente. Os cambios circunstanciais en calquera caso, deberán reflectirse no expediente individual.

3. As suspensións comunicaranse ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Artigo 16. Extinción do servizo.

Son causas de extinción do servizo:

a) Falecemento da persoa beneficiaria.

b) Renuncia voluntaria da persoa beneficiaria ou do representante legal /gardador.

c) Incumprimento do pagamento do servizo, dun máximo de dúas cotas.

d) Incumprimento reiterado da normativa e das condicións establecidas para a prestación do servizo.

e) Ausencia reiterada do domicilio, sen avisar con antelación e/ou xustificar a ausencia durante nos días de reparto dos menús.

f) Ausencia do domicilio superior a 45 días e sempre que esta, non este convenientemente xustificada.

g) Cambio de domicilio a outro concello.

h) Modificación das causas que deron lugar a concesión do servizo.

i) Ingreso nun centro residencial con carácter definitivo.

j) Por precisar asistencia de carácter especializada para as actividades da vida diaria que non corresponde a este servizo.

k) Ocultamento ou falsidade dos datos que foron tidos en conta para a concesión do servizo.

l) Cese do Programa.

m) Outras non reflectidas anteriormente e que impidan o normal desenvolvemento do servizo.

Artigo 17. Procedemento nas baixas e suspensións do servizo.

1. No caso de baixa voluntaria ou suspensión/baixa temporal do servizo, a persoa beneficiaria deberá comunicalo ao traballador/a social do Concello de O Saviñao cunha antelación de 15 días naturais, conforme aos modelos establecidos.

2. No caso da suspensión temporal, concretarase sempre que sexa posible a duración prevista da ausencia, que non poderá superar os 45 días naturais agás motivos convenientemente xustificadas

3. A comunicación das baixas ou suspensións remitirase ao departamento de servizos sociais, que emitirá o correspondente informe social que reflecta as causas da baixa ou suspensión. O procedemento a seguir será:

a) Emisión de informe polo traballador/asocial de referencia que reflecta a causa da extinción ou suspensión do servizo.

b) Resolución do órgano competente e notificación á persoa interesada. c) Comunicación ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

TÍTULO VII: FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

Artigo 18. Funcionamento do servizo.

1. Inicio.

Ao comezo do servizo comprobarase, por parte da empresa contratante, que as persoas beneficiarias do servizo dispoñan de microondas, frigorífico, enxoval e calquera elemento adecuado para a preparación, conservación e consumo dos xantares. Nos supostos de que as persoas beneficiarias non dispoñan de microondas ou frigorífico que se adapte as necesidades do servizo, poñeráse a disposición dos/as mesmos/as un microondas e/ou un frigorífico en réxime de depósito.

2. Entrega dos xantares.

1. Os xantares entregaranse nun único día á semana. As persoas beneficiarias do programa recibirán no seu domicilio como máximo 7 e un mínimo de 5 bandexas diferentes co xantar para cada día da semana, durante o período en que se atope de alta no servizo.

2. En caso de ausencia do domicilio, a entrega poderase efectuar nun domicilio alternativo fixado para este efecto pola persoa beneficiaria, sempre será un domicilio próximo ou contiguo ao da persoa beneficiaria.

3. Distribución dos xantares.

1. A distribución dos xantares organizarase en barquetas individuais de polipropileno apto para rexenerar en microondas e autorizado para estar en contacto cos alimentos, que incluírán no seu interior, primeiro prato, segundo prato e sobremesa. Os menús serán completos e equilibrados, variados e adaptables ás necesidades das persoas usuarias, aos gustos e hábitos así como á gastronomía local e á época do ano.

2. O transporte dos menús ata o domicilio das persoas beneficiarias do programa, realizarase en vehículos adaptados mantendo a temperatura e a refrixeración imprescindible.

3. O horario de entrega dos xantares será preferentemente de 09.00 da mañá a 14.30 da tarde, coas variacións horarias necesarias consonte ao servizo. Comunicarase a cada unha das persoas beneficiarias o día de entrega e a hora aproximada.

4. O persoal repartidor ensinará a persoa beneficiaria ou a persoa responsable da preparación das comidas o procedemento correcto para preparar os alimentos, de retirar as comidas caducadas e revisar a temperatura do frigorífico.

Igualmente informará e asesorará a persoa beneficiaria naquelas cuestións e dúbidas que presente respecto ao servizo.

4. Menús.

1. Os menús incluírán:

Primeiros pratos: catro días de hidratos de carbono (arroz, legumes, pasta ou patacas) e tres días de verdura.

Segundos pratos: catro días de carne (preferiblemente carnes magras) con guarnición de verduras, pataca ou ensalada e tres días de peixe (1 día azul, 1 día branco) con guarnición de verduras, pataca ou ensalada.

Sobremesa: froita, lácteos ou derivados

Todas as comidas irán acompañadas de pan.

2. Elaborarase unha guía de prácticas correctas de hixiene e manipulación dos alimentos que se destinará á persoa beneficiaria e que será entregada xunto coa guía práctica de preparación dos alimentos.

3. A cadea de frío non se interromperá en ningún momento dende a elaboración e termoselado dos xantares nas correspondentes barquetas ata a entrega e colocación polo persoal do contratista nos frigoríficos de cada unha das persoas beneficiarias do programa, que deberán atoparse en correcto estado de funcionamento e refrixeración.

5. Avaliación.

Anualmente realizarase unha revisión xeral dos expedientes abertos, a fin de avaliar o grao de consecución dos obxectivos e adaptación ás necesidades do programa xantar na casa. Valorando a idoneidade da continuidade da prestación do servizo.

TÍTULO VIII: FINANCIAMENTO DO SERVIZO**Artigo 19. Financiamento do servizo.**

O prezo máximo de cada menú diario será o fixado polo convenio asinado co Consorcio galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a prestación deste servizo.

No financiamento de cada menú participará o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o Concello de O Saviñao e a persoa beneficiaria.

A persoa beneficiaria fará unha achega económica segundo a porcentaxe establecida polo Consorcio para cada ano, ao igual que as entidades que participan na xestión do programa.

A persoa beneficiaria ingresará o importe establecido, con carácter anticipado, nos primeiros dez (10) días de cada mes.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para todo o non previsto neste regulamento acudirse ó convenio asinado co Consorcio e, no non previsto, acudirse á normativa que resulte de aplicación.

A Alcaldía-Presidencia, ou o concelleiro/a en quen delegue, é o órgano facultado para ditar cantas instrucións resulten precisas para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza reguladora.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

A prestación do servizo obxecto deste regulamento supeditarase ás dispoñibilidades orzamentarias existentes en cada momento e á continuidade do programa "Xantar na casa".

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación."

O Saviñao, 28 de novembro de 2022.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3499

O VICEDO*Anuncio*

Por resolución de Alcaldía de 28 de novembro de 2022, tendo rematado o procedemento selectivo, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI
Paula Lage Sánchez	***5911**

Características da praza:

Grupo	C
Subgrupo	C2
Escala	Administración xeral
Clase	Auxiliar
Denominación	Auxiliar administrativo
Número de vacantes	Unha (1)

O que se fai público ós efectos do artigo 62 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do emprego público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25 do regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo de administración xeral do Estado e de provisión de posto de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado, aprobado por Real decreto 364/1995, de 10 de marzo.

O Vicedo, 28 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3500

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de 28/11/2022 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso oposición, dun/ha auxiliar de axuda a domicilio, a xornada completa, con adscrición ós servizos sociais municipais do Concello do Vicedo, como persoal laboral temporal.

O prazo para presentación de solicitudes remata transcorridos oito días naturais dende a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán retirar copia das bases no rexistro xeral do Concello do Vicedo ou consultarlas no taboleiro de anuncios, na sede electrónica (www.concellodovicedo.org) ou no blog de emprego: emplegovicedo.blogspot.com.

O Vicedo, 28 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3501

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2022-1096 DO 21 DE NOVIEMBRE DE 2022 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL “MÍRANOS” 2022-2023

BDNS (Identif.): 661218

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/661218>)

Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.

Poderán participar no concurso todos aqueles establecementos comerciais situados na localidade de Xove independentemente do produto que oferten ao público.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Folla de inscrición establecida ao efecto

A folla de inscrición deberá presentarse no Rexistro de Entrada antes das 14:00 horas do día 9 de decembro de 2022. No suposto de que un comercio teña varios establecementos, poderá presentar tantas Follas de Inscrición como escaparates opten ao concurso.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de escaparatismo de nadal 2022-2023

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía dos premios

Haberá un único premio para o escaparate que acade máis “me gusta” que consistirá en 300,00 Euros.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non está suxeito a retención o premio anterior.

XOVE, 28 denovembro de 2022.- O ALCALDE.- JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3502
